

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**11555** *Corrección de erros da Orde ESS/1892/2013, do 8 de outubro, pola que se regula o taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

Advertidos erros na Orde ESS/1892/2013, do 8 de outubro, pola que se regula o taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 248, do 16 de outubro de 2013, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, liñas 7 e 8, onde di: «Do seu contido pódese destacar a unidade do taboleiro para todo o Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social e o carácter universal...», debe dicir: «Do seu contido pódese destacar a unidade do taboleiro para todo o Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, salvo o establecido no ordinal primeiro, parágrafo segundo, da disposición adicional oitava da Lei 42/1997, do 14 de novembro, e o carácter universal...».

Na páxina 3, artigo 3, número 1, onde di: «O taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social será único para todo o Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, terá formato dixital...», debe dicir: «O taboleiro de edictos da Inspección de Traballo e Seguridade Social será único para todo o Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, salvo o establecido no ordinal primeiro, parágrafo segundo, da disposición adicional oitava da Lei 42/1997, do 14 de novembro, terá formato dixital...».